

CONCELLO DE PONTECESO



PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO

ANTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

PAM RISCO INUNDACIÓNS

Ponteceso, 2026.

ÍNDICE

1. FUNDAMENTOS: OBXECTO E ÁMBITO	4
2. ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE.....	5
2.1. DESCRICIÓN DO TERMO MUNICIPAL	5
2.1.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	5
2.1.2 SUPERFICIE	5
2.1.3 POBOACIÓN	6
2.1.4 ALTITUDE	6
2.1.5 HIDROLOXÍA	7
2.1.6 REDE VIARIA.....	7
2.1.7 REDE ELÉCTRICA.....	7
2.1.8 REDE DE AUGA POTABLE	8
2.1.9 DATOS METEOROLÓXICOS	9
2.2. DATOS ESPECÍFICOS ASOCIADOS ÓS RISCOS	10
2.3. RESUMO DA ANÁLISE DO RISCO.....	16
2.4. ÁREAS OU SECTORES AFECTADOS	17
2.5. ELEMENTOS VULNERABLES	20
3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO PLAN.....	21
3.1. DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL	21
3.2. COMITÉ ASESOR.....	22
3.3. DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA	22
3.4. GABINETE DE INFORMACIÓN	23
3.5. GRUPOS OPERATIVOS	24
3.5.1 GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN	24
3.5.2 GRUPO LOCAL SANITARIO	24
3.5.3 GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE.....	25
3.5.3.1 EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO	25
3.5.3.2 EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE.....	26
3.5.4 GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO E REHABILITACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS	26
3.6. CENTROS DE COORDINACIÓN	27

3.6.1 CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA MUNICIPAL (CECOPAL)	27
3.6.2 POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)	27
3.6.3 CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA (CECOP)	28
4. OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN	28
4.1. NIVEIS	28
4.2. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN	29
4.3. PROCEDEMENTOS XERAIS	29
4.3.1 ACTUACIÓNS XERAIS	30
4.3.2 PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN INTERFACE CON PLANS SUPERIORES	31
4.3.3 PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN	31
4.3.3.1 PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN	32
4.3.3.2 ACTUACIÓN GRUPOS OPERATIVOS	32
4.3.4 SISTEMAS DE AVISO Á POBOACIÓN	32
4.3.5 MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA POBOACIÓN	34
4.3.5.1 CONFINAMENTO	34
4.3.5.2 EVACUACIÓN E ACOLLIDA	34
4.3.5.3 CONTROL DE ACESOS	34
4.4. FICHAS DE ACTUACIÓN	36
5. ANEXOS	45
ANEXO 1. DIRECTORIO TELEFÓNICO	45
ANEXO 2. MODELO DE DECLARACIÓN DE ACTIVACIÓN E OUTROS COMUNICADOS	47
ANEXO 3. MODELOS DE COMUNICADO DE AVISO DE EVACUACIÓN	50
ANEXO 4. ELEMENTOS VULNERABLES	53
ANEXO 5. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PAM	55
ANEXO 6. REGULAMENTACIÓN	59
ANEXO 7. CARTOGRAFÍA	61

1. FUNDAMENTOS: OBXECTO E ÁMBITO

OBXECTO

O Plan de actuación Municipal do Concello de Ponteceso é un instrumento técnico que establece a organización e procedementos de actuación dos recursos e servizos dos cales corresponda a titularidade á dita entidade municipal.

Comprende un conxunto de normas que constitúen o sistema e dispositivo de resposta e actuación fronte a calquera situación de emerxencia provocada por inundacións.

Son obxectivos específicos os seguintes:

- 1) Determinar as zonas con risco de inundacións.
- 2) Aumentar a resiliencia da poboación afectada. Para iso, estableceranse as accións que permitan:
 - a. Minimizar os riscos nas zonas asolagadas.
 - b. Previr e reducir no posible os accidentes e os danos acontecidos.
 - c. Dispor de medios de evacuación e de lugares de aloxamento para os evacuados.
 - d. Dispor de medios de asistencia sanitaria.
 - e. Dispor de medios e mecanismos de restauración das vías de comunicación afectadas.
 - f. Establecer vías alternativas de comunicación.
 - g. Manter e restablecer no menor tempo posible os servizos básicos: alimentación, teléfono, luz e auga.
 - h. Reducir no posible as perturbacións por modificacións na vida cotiá, tales como a paralización da vida escolar, das comunicacións, etc.
 - i. Manter informada á poboación.

ÁMBITO

O presente plan de actuación aplicarase ás fases de pre-emerxencia, emerxencia e recuperación, producidas por inundacións dentro do termo municipal de Ponteceso.

2. ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE

2.1 DESCRICIÓN DO TERMO MUNICIPAL

2.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O Concello de Ponteceso está situado ó oeste da comarca de Bergantiños, na provincia da Coruña.

Extremos terrestres	Coordenadas UTM
Norte	(507577.68,4794809.11)
Sur	(508483.67,4784981.71)
Este	(519443.86,4788814.45)
Oeste	(500701.94,4791294.62)
Casa do Concello	(508057.03,4787837.75)

Zona 29T, hemisferio norte

Limita cos municipios de:

Nome do Concello	Situación	Teléfono
Malpica	Norte	981 72 00 01
Carballo	Este	981 70 41 00
Cabana de Bergantiños	Sur	981 75 40 20
Coristanco	Sueste	981 73 30 01

2.1.2. SUPERFICIE

Tipo de solo	Superficie (Km ²)
Urbana	11,68
Forestal	61,77
Agrícola	18,52
Total	91,97

Datos do IXG (2021)

2.1.3. POBOACIÓN

Segundo datos do 07/01/2025 do INE (<http://www.ine.es>) a poboación de Ponteceso era de 5.318 habitantes.

Total poboación	5.260
Homes	2.635
Mulleres	2.625

A distribución das parroquias que conforman o concello e a súa poboación correspondente indicase na seguinte taboa:

Parroquia	Número habitantes
Anllóns	209
Brantuas	112
Cores	465
Corme-Aldea	251
Corme-Porto	1.012
Cospindo	696
A Graña	192
Xornes	265
Langueirón	131
Nemeño	92
Niñóns	107
Pazos	378
Tallo	247
Tella	1.103

2.1.4. ALTITUDE

Altitude máxima	Monte branco (273 m)
Altitude mínima	Nivel do mar (0 m)

2.1.5. HIDROLOXÍA

A rede hidrolóxica do Concello está formada por:

Ríos	Anllóns
Rías	Ría de Corme e Laxe
Regos	Corme, Guxín, Barda, das Bouzas, Pelamio, dos prados, de Ponteceso, Ercebedo, Vilasuso, de Ramallás, das Devesas, das Mazarocas, de Pardiñas, de Pazos, de Riotorto, do Castro, de Xarea, de Costoia, do Agro, da Chanca.

2.1.6. REDE VIARIA

No cadro seguinte recóllense as vías de comunicación principais que pasan ou enlazan o termo municipal.

Estrada	Titularidade	Puntos quilométricos		Pontes e/ou túneles
AC-419 (Buño-Ponteceso)	Autonómica	1,92	11,30	Rego de Ponteceso Rego das Bouzas
AC-421 (Aqualada-Buño)	Autonómica	9,57	14,34	Río Anllóns
AC-423 (Grilloi- Ponteceso)	Autonómica	10,53	14,32	Río Anllóns
AC-424 (Ponteceso-Corme)	Autonómica	0,00	8,73	
AC-429 (Ponteceso-Laxe)	Autonómica	0,00	0,05	Río Anllóns
DP-6801 (A Campara-Corme)	Deputación	0,00	5,00	
DP-6802 (Nemeño-AC419)	Deputación	0,00	3,07	
DP-6803 (Aceso Balarés)	Deputación	0,00	3,50	
DP-6804 (Corme-O Roncudo)	Deputación	0,00	2,10	
DP-6805 (A Campara-Pazos)	Deputación	0,00	5,18	
DP-1405 (Pazos-Leas)	Deputación	0,00	3,80	
DP-4305 (Ourada-Limiñoa)	Deputación	0,00	2,31	
DP-4307 (Malpica-Ponteceso)	Deputación	5,93	12,60	

2.1.7. REDE ELÉCTRICA

A rede de distribución eléctrica principal do concello está integrada polas liñas indicadas a continuación:

Liña eléctrica/Estacións transformadoras	Tipos	Compañía
LMT CBA806 Ponteceso 6 procedente de subestación Cabana	Liña de media tensión / distribución	UFD Distribución Electricidad S.A.
LMT BRT803 procedente subestación Bértoa	Liña de media tensión / distribución	UFD Distribución Electricidad S.A.
CT O Lugar Grande 15ACD1	Centro transformación / Substitución / Repotenciación a 100 kVA	UFD Distribución Electricidad S.A.
CT Rueiro 15AMH9	Centro transformación de intemperie Ampliación Potencia a 100 kVA	UFD Distribución Electricidad S.A.
CT Pazos de Arriba /substitución do CT M. Figueroa 15CCC4	Centro Transformación Prefabricado 250 kVA, con LMT e RBT asociadas	UFD Distribución Electricidad S.A.
CT Petón, parroquia de Pazos	Centro transformación compacto de superficie 100 kVA, conectado á LMT BRT803 con dúas saídas baixa tensión	UFD Distribución Electricidad S.A.
CT Couto 15CNCL / Aldea de Balarés	Centro transformación / rede de baixa tensión asociada	UFD Distribución Electricidad S.A.
Rede de baixa tensión municipal asociada aos centros de transformación existentes	Rede de baixa tensión para subministración a núcleos de poboación, instalacións e servizos	UFD Distribución Electricidad S.A.

2.1.8. REDE DE AUGA POTABLE

Núcleos de Poboación	Compañía	Descrición	Depósitos	Estacións potabilizadoras/depuradoras
Ponteceso e Corme-Porto	Espina & Delfín	Sistema municipal de abastecemento	Depósito principal asociado ao sistema municipal	ETAP asociada á captación principal do río Anllóns
Sector oriental: Tella, Pazos, Tallo, entre outros	Espina & Delfín	Pol. Ind.Tella-ZA Ponteceso	Depósitos asociados á rede municipal	Potabilización con desinfección, preoxidación, coagulación e demais procesos
Lingueirón: Carrasqueira e A Vitureira	Espina & Delfín	Sistema municipal de abastecemento	Integración na rede municipal existente	Non consta ETAP específica, abastecemento mediante ampliación da rede municipal
Xornes, San Xoán	Rede Veciñal	Rede veciñal que abastece a parroquia Xornes	Depósitos propios	Instalacións propias da rede veciñal.

2.1.9. DATOS METEOROLÓXICOS

Estacións meteorolóxicas existentes no concello (ou máis próximas)

Non consta, segundo a información pública consultada, a existencia dunha estación meteorolóxica oficial pertencente ao termo municipal de Ponteceso. A propia predición municipal da AEMET para Ponteceso indica que non existen estacións pertencentes a este concello, sinalando como estación próxima a de Carballo, Depuradora, situada no municipio de Carballo, a 15,98 km e cunha altitude de 98 m.

Características meteorolóxicas do municipio

O Concello de Ponteceso presenta un clima de marcada influencia atlántica, condicionado pola súa situación na Costa da Morte, pola proximidade ao océano Atlántico, pola presenza da ría de Corme e Laxe e pola existencia do río Anllóns e dunha ampla rede de regos e zonas baixas susceptibles de acumulación de auga.

As situacións meteorolóxicas con maior interese para este Plan son os episodios de chuvias intensas ou persistentes, os temporais asociados a borrascas atlánticas, os ventos fortes de compoñente oeste e suroeste, os temporais marítimos e as situacións de elevada humidade con néboas en zonas baixas, vales fluviais e contorna costeira.

Dirección dos ventos dominantes	Frecuencia
Suroeste / Oeste-Suroeste (SW / WSW)	Frecuente, especialmente en outono e inverno, asociado á entrada de borrascas atlánticas, fronte húmidas e episodios de chuva persistente. É unha das situacións máis relevantes para o risco de inundacións.
Oeste / Noroeste (W / NW)	Frecuente en situacións postfrontais e episodios de inestabilidade atlántica. Pode ir acompañado de chuvascos, vento intenso, descenso térmico e temporal marítimo.
Nordés / Nordeste (NE)	Relativamente frecuente en situacións máis estables, especialmente en primavera e verán. Adoita asociarse a tempo máis seco, aínda que pode acadar intensidade significativa pola exposición costeira.
Sur / Suroeste (S / SW)	Frecuente en episodios de temporal atlántico, con aire húmido e temperado, incremento da nubosidade, precipitacións abundantes e posible agravamento das condicións nos cursos fluviais e zonas de escorrentía.

Fenómeno	Descrición e época
Precipitacións	As precipitacións son frecuentes ao longo do ano, cunha maior incidencia durante o outono e o inverno, coincidindo coa entrada de fronte e borrascas atlánticas. Os episodios de chuva persistente ou intensa poden provocar acumulacións de auga, incremento do caudal do río Anllóns e dos regos municipais, asolagamentos en zonas baixas, incidencias en vías de comunicación e problemas na rede de drenaxe.

Néboa	Pode aparecer en calquera época do ano, especialmente en situacións de elevada humidade, estabilidade atmosférica, vales fluviais, zonas próximas á ría, cursos de auga e áreas baixas. A súa incidencia é máis relevante durante a noite e primeiras horas da mañá. A néboa pode dificultar a visibilidade en desprazamentos, intervencións e labores de control en zonas afectadas por inundacións.
Tormentas	Son menos persistentes que as precipitacións frontais, pero poden producirse principalmente en primavera, verán e comezos do outono, así como durante episodios de inestabilidade asociados ao paso de fronteas frías. Poden xerar chuvias intensas en curto período de tempo, aparato eléctrico, sarabia puntual e refachos de vento, co conseguinte risco de enchentes rápidas en regos, camiños, puntos baixos e redes de drenaxe insuficiente.
Temporais atlánticos e marítimos	Máis frecuentes en outono e inverno. Poden combinar chuvia persistente, vento forte, mar de fondo e mala mar, afectando especialmente á fachada costeira, praias, portos, zonas próximas á ría de Corme e Laxe e puntos expostos do litoral. En situacións coincidentes con mareas vivas ou mar de fondo, poden agravarse os problemas de evacuación de augas en zonas baixas ou próximas ao litoral.
Ventos fortes	Asociados principalmente a borrascas atlánticas, con maior frecuencia en outono e inverno. Poden provocar caída de árbores, interrupcións viarias, danos en servizos básicos e dificultades nas intervencións. Cando coinciden con precipitacións intensas, poden incrementar o risco operativo e complicar a resposta municipal.

2.2. DATOS ESPECÍFICOS ASOCIADOS AOS RISCOS

Ríos/canais

O principal risco fluvial do termo municipal está asociado ao río Anllóns, especialmente no seu tramo final e na súa desembocadura na ría de Corme e Laxe. A propia Xunta recolle a existencia dunha ARPSI do río Anllóns en Ponteceso e sinalou a súa ampliación para incorporar novos treitos asociados ao risco de inundación, o que reforza a necesidade de incluílo como elemento principal deste apartado.

Nome	Localización	Características
Río Anllóns	Atravesa o termo municipal de Ponteceso e desemboca na ría de Corme e Laxe, na contorna de Ponteceso / esteiro do Anllóns.	Principal curso fluvial do municipio e elemento de maior relevancia no risco de inundación. En episodios de chuvias intensas ou persistentes pode experimentar crecidas e desbordamentos, afectando zonas baixas, ribeiras, vías próximas, espazos naturais e áreas próximas á desembocadura. A súa contorna figura vinculada á ARPSI do río Anllóns en Ponteceso.
Esteiro / desembocadura do río Anllóns	Zona final do río Anllóns na ría de Corme e Laxe, entre Ponteceso,	Zona sensible pola combinación de achegas fluviais, mareas, vento, temporal marítimo e dificultade de evacuación natural das augas en situacións adversas.

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

	Cospindo e a contorna de Monte Branco / Balarés.	Pode verse afectada por asolagamentos en episodios de chuvias intensas coincidentes con preamar, mareas vivas ou temporal costeiro.
Rego do Cruceiro	Contorna de Ponteceso, incluído nos estudos de ampliación da ARPSI de Ponteceso.	Curso ou rego de interese para a planificación do risco de inundación. A Xunta sinalou a proposta de ampliación da ARPSI de Ponteceso en 3,7 km para incluír o rego do Cruceiro e o río Pouso, polos estudos de xestión do risco de inundación xa redactados.
Río / rego do Pouso	Contorna de Ponteceso, incluído nos estudos de ampliación da ARPSI de Ponteceso.	Curso fluvial asociado á ampliación da ARPSI de Ponteceso. Pode presentar risco en episodios de precipitación intensa, especialmente en zonas baixas, puntos de paso, obras de drenaxe, pontes ou tramos con capacidade hidráulica limitada.
Regos municipais secundarios	Diversos núcleos e parroquias do termo municipal: Corme, Guxín, Barda, Bouzas, Pelamio, Ponteceso, Ercebedo, Vilasuso, Ramallás, Devesas, Mazarocas, Pardiñas, Pazos, Riotorto, Castro, Xarea, Costoia, Agro, Chanca, entre outros.	Rede secundaria de drenaxe natural do municipio. En episodios de chuvias intensas poden producirse enchentes rápidas, obstrucións en pasos, arrastres, acumulación de auga en camiños, cunetas, pistas, pontellas e zonas baixas dos núcleos rurais.

Zonas próximas á costa (portos, paseos marítimos, praias, rías, etc...) con perigo de inundación por efectos do mar (ondada, mareas...)

A fronte costeira de Ponteceso forma parte da ría de Corme e Laxe, situada entre o cabo Roncudo, en Corme, e a punta da Crucifía, en Laxe, co vértice na desembocadura do río Anllóns. Esta configuración fai que determinadas zonas costeiras poidan verse afectadas por temporais marítimos, ondada, mareas vivas, mar de fondo e acumulación de auga en zonas baixas próximas á ría ou ao litoral.

Nome	Localización	Características
Ría de Corme e Laxe / desembocadura do Anllóns	Zona costeira e estuarina vinculada á desembocadura do río Anllóns.	Área especialmente sensible pola interacción entre caudal fluvial, mareas, mar de fondo, vento e temporais atlánticos. En situacións de chuva intensa coincidente con preamar ou mareas vivas pode dificultarse a saída natural das augas e incrementarse o risco de asolagamento en zonas baixas.
Porto de Corme	Núcleo de Corme-Porto	Zona portuaria exposta a temporal marítimo, ondada, vento forte, mareas vivas e posible superación puntual de cotas en áreas próximas ao bordo portuario. Pode verse afectada por acumulación de

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

		auga, salpicaduras, arrastres e dificultade de mobilidade durante episodios adversos.
Paseo marítimo e fachada litoral de Corme	Contorna urbana litoral de Corme-Porto.	Zona próxima ao mar susceptible de afección por vento forte, mar de fondo, ondada, mareas vivas e temporais atlánticos. Debe terse en conta para avisos á poboación, control de accesos e prevención de exposición innecesaria ao risco.
Praia do Osmo	Corme-Porto.	Praia urbana ou próxima ao núcleo de Corme, resgardada pero con presenza de ondada moderada e zona de fondeo próxima segundo a información turística municipal. Pode verse afectada por temporais marítimos, mareas vivas, arrastres e acumulación de auga en accesos ou zonas baixas.
Praia da Ermida	Contorna de Corme / Corme-Aldea.	Zona areosa próxima ao litoral de Corme. Pode verse afectada por temporais, mareas vivas, ondada e escorrentías procedentes da contorna inmediata, especialmente en episodios de chuvia intensa e vento.
Praia de Balarés e contorna de Monte Branco / esteiro do Anllóns	Parroquia de Cospindo / contorna da desembocadura do Anllóns.	Zona de especial interese pola proximidade ao esteiro do Anllóns e á ría. Pode verse afectada por mareas vivas, temporais marítimos, acumulación de auga, escorrentías e dificultades de evacuación natural en episodios de chuvia persistente.
Praia de Niñóns	Parroquia de Niñóns.	Praia aberta da fachada costeira do municipio, exposta a mar de fondo, ondada e temporais atlánticos. Pode presentar risco en accesos, zonas baixas e contorna inmediata durante episodios de temporal marítimo.
Praia da Barda	Parroquia de Corme-Aldea.	Praia da fachada costeira do municipio, susceptible de afección por ondada, mar de fondo, temporais e arrastres. Debe considerarse no control preventivo de accesos durante episodios de mala mar.

Nota: A relación anterior recolle os principais cursos fluviais, regos e zonas costeiras con interese para a planificación municipal ante o risco de inundacións. Para a delimitación exacta das zonas inundables deberanse consultar os mapas oficiais de perigosidade e risco de inundación de Augas

de Galicia, a cartografía da ARPSI do río Anllóns en Ponteceso e a información operativa dispoñible no CIAE-112 / AXEGA.

Infraestruturas asociadas destacables: pontes, presas, encoros, balsas, etc.

Nome	Localización	Características
Pontes sobre o río Anllóns	Tramo do río Anllóns ao seu paso polo termo municipal de Ponteceso e vías de comunicación asociadas.	Infraestruturas viarias especialmente relevantes para o risco de inundación, xa que poden actuar como puntos sensibles en situacións de avenida, tanto pola acumulación de arrastres como pola posible redución da capacidade hidráulica. Deben ser obxecto de vixilancia en episodios de chuvia intensa ou persistente.
Ponte da AC-429 sobre o río Anllóns	Saída de Ponteceso cara a Laxe / paso sobre o río Anllóns.	Ponte estratéxica pola súa localización na desembocadura e polo seu papel na comunicación viaria. En situacións de crecida do Anllóns, maré alta ou temporal costeiro, debe considerarse punto sensible de vixilancia.
Pontes e pasos da AC-421 e AC-423 sobre o río Anllóns	Contorna de accesos viarios ao termo municipal e conexións co río Anllóns.	Passos viarios sobre o río Anllóns ou na súa contorna hidrolóxica. Poden verse afectados por enchentes, arrastres, acumulación de materiais, ocupación de marxes ou afeccións á circulación.
Pontes, pontellas e pasos sobre regos municipais	Regos de Ponteceso, Bouzas, Guxín, Barda, Pelamio, Ercebedo, Ramallás, Devesas, Mazarocas, Pardiñas, Pazos, Riotorto, Castro, Xarea, Costoia, Agro, Chanca e outros.	Infraestruturas menores de drenaxe e paso que poden converterse en puntos críticos durante chuvias intensas, especialmente se existe obstrución por vexetación, terras, árbores, residuos ou arrastres.
Obras de drenaxe transversal, cunetas e colectores de pluviais	Estradas autonómicas, provinciais e municipais, núcleos rurais e zonas baixas do municipio.	Elementos fundamentais para a evacuación da auga de escorrentía. A súa insuficiencia, colapso ou falta de limpeza pode provocar acumulacións de auga, cortes de vías, danos en camiños e asolagamentos puntuais.
Presas, encoros ou balsas de entidade significativa	Termo municipal de Ponteceso.	Non consta a existencia de grandes presas ou encoros

		de regulación dentro do termo municipal con incidencia directa no presente PAM. En todo caso, deberán verificarse cos servizos técnicos municipais posibles balsas, depósitos, pequenas acumulacións de auga ou infraestruturas privadas que poidan ter interese para a planificación de emerxencias.
--	--	---

A inclusión das pontes e pasos como puntos sensibles está xustificada pola propia dinámica das avenidas: estudos hidráulicos do río Anllóns sinalan que os estreitamentos por pontes poden actuar como puntos de obturación das augas altas e xerar remanso ou acumulación de auga en episodios de avenida. Aínda que o estudo concreto se refire ao tramo urbano de Carballo, a consideración é trasladable como criterio preventivo xeral aos pasos sobre o Anllóns e regos no termo municipal de Ponteceso.

Outros lugares con perigo de inundación (antigas lagoas, deltas, etc.)

Nome	Localización	Características
Esteiro e desembocadura do río Anllóns	Zona final do río Anllóns na ría de Corme e Laxe.	Espazo especialmente sensible pola combinación de achegas fluviais, maré, temporal marítimo, vento e dificultade de evacuación natural das augas. Pode verse afectado por asolagamentos en episodios de chuvia persistente coincidentes con preamar, mareas vivas ou mar de fondo.
Marxes baixas do río Anllóns	Contorna fluvial de Ponteceso e zonas ribeirás asociadas.	Áreas susceptibles de inundación por incremento do caudal do río Anllóns, especialmente en episodios de chuvia intensa ou persistente. O río Anllóns ao seu paso por Ponteceso está incluído nos ámbitos de risco de inundación considerados pola planificación autonómica.
Contorna urbana baixa de Ponteceso próxima ao río Anllóns	Núcleo de Ponteceso, zonas próximas á canle fluvial e vías lindeiras.	Zona potencialmente vulnerable a asolagamentos por crecidas do río, acumulación de auga de escorrentía, saturación da rede de pluviais ou coincidencia de chuvias intensas con nivel alto do río
Rego do Cruceiro e río/rede do Pouso	Contorna de Ponteceso.	Cursos incorporados ou propostos para a ampliación da ARPSI de Ponteceso en 3,7 km, segundo información da Xunta, polos estudos de xestión do risco de inundación xa redactados.
Zonas baixas próximas á ría de Corme e Laxe	Contorna de Cospindo, Balarés, desembocadura do	Poden verse afectadas por acumulación de auga, dificultade de

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

	Anllóns e zonas próximas á ría.	desaugamento, escorrentías, mareas vivas e temporais marítimos.
Praias, portos e accesos costeiros	Corme-Porto, Osmo, A Ermida, Balarés, Niñóns, A Barda e demais puntos costeiros do municipio.	Zonas expostas a temporal marítimo, ondada, mar de fondo, mareas vivas e acumulación de auga nos accesos ou zonas baixas próximas ao litoral.
Puntos baixos de estradas, camiños e pistas municipais	Rede viaria municipal, parroquias e núcleos rurais.	Lugares susceptibles de acumulación de auga por escorrentía superficial, insuficiencia de drenaxe, obstrución de cunetas ou colapso de pasos de auga. Deben ser identificados e actualizados polos servizos municipais segundo incidencias históricas.

A Xunta sinalou expresamente a proposta de ampliar a ARPSI de Ponteceso para incluír o rego do Cruceiro e o río Pouso, o que reforza a súa inclusión como zonas de especial atención no PAM.

Puntos de aforo ou lugares de vixilancia do nivel de auga

Nome	Localización	Características
Estación de aforo nº 485 — río Anllóns	Río Anllóns, municipio de Ponteceso.	Punto oficial de control da rede de aforos. O CEDEX identifica a estación 1485: río Anllóns en Anllóns, no municipio de Ponteceso, dentro da demarcación Galicia-Costa. Resulta o punto de referencia instrumental máis relevante para o seguimento do nivel e caudal do río Anllóns.
Ponte da AC-429 sobre o río Anllóns	Ponteceso, paso cara a Laxe / zona de desembocadura.	Punto de observación visual de interese operativo para comprobar o nivel do río, a presenza de arrastres, a evolución da corrente e a posible afección á circulación ou ás zonas baixas próximas.
Pontes e pasos sobre o río Anllóns no termo municipal	Diferentes puntos de cruce viario sobre o Anllóns.	Lugares adecuados para vixilancia preventiva en episodios de chuvia intensa ou persistente, sempre garantindo a seguridade dos actantes e evitando a exposición innecesaria a zonas perigosas.
Esteiro do Anllóns / ría de Corme e Laxe	Desembocadura do río Anllóns.	Punto de control visual da interacción entre caudal fluvial, maré, vento, mar de fondo e capacidade de evacuación natural das augas. Especialmente relevante cando coinciden chuvias intensas con preamar ou temporais marítimos.
Rego do Cruceiro e río/rede do Pouso	Contorna de Ponteceso.	Puntos de vixilancia recomendables pola súa

		inclusión nos estudos de ampliación da ARPSI de Ponteceso. Deben controlarse en episodios de chuvía intensa, especialmente nos pasos, pontellas, cruces e zonas baixas próximas.
Puntos baixos con antecedentes de asolagamento	Núcleos urbanos, rurais, estradas municipais, pistas, cunetas e redes de pluviais.	Lugares que deben integrarse nun inventario municipal actualizado segundo partes de intervención, avisos veciñais, Policía Local, GES, Protección Civil e servizos de obras. Son puntos útiles para a vixilancia preventiva e a priorización de intervencións.

A vixilancia dos niveis de auga realizarase preferentemente mediante a consulta dos datos oficiais dispoñibles da rede de aforos, os avisos de Augas de Galicia, MeteoGalicia, AEMET e CIAE-112 Galicia, complementándose coa observación directa dos puntos sensíbles do termo municipal por parte dos servizos municipais, Policía Local, GES e Protección Civil, sempre baixo criterios de seguridade operativa.

2.3. RESUMO DA ANÁLISE DO RISCO

O risco de inundación no Concello de Ponteceso está asociado fundamentalmente ao **río Anllóns**, especialmente no seu tramo final, na contorna do núcleo urbano de Ponteceso e na súa desembocadura na ría de Corme e Laxe.

Segundo a información recollida no Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia (**INUNGAL**) e nos estudos de inundabilidade existentes sobre o río Anllóns, o curso deste río ao seu paso polos concellos de **Carballo e Ponteceso** figura incluído entre as zonas de risco de inundación. O estudo de inundabilidade do río Anllóns sinala expresamente que o tramo estudado se atopa dentro das **Zonas B de risco de inundacións** recollidas no INUNGAL, incluíndo o río Anllóns ao seu paso polos concellos de Carballo e Ponteceso.

Así mesmo, a Xunta de Galicia sinalou no proceso de revisión da planificación do risco de inundacións a proposta de ampliación da **ARPSI de Ponteceso** para incluír o **rego do Cruceiro** e o **río Pouso**, o que reforza a existencia dun risco significativo de inundación asociado ao ámbito fluvial de Ponteceso.

Á vista da análise realizada, considérase que o risco de inundación no municipio afecta principalmente a:

- o núcleo urbano de Ponteceso e zonas baixas próximas ao río Anllóns;
- as marxes do río Anllóns e a súa desembocadura;
- o esteiro do Anllóns e a ría de Corme e Laxe;
- os puntos baixos, pontes, pasos, vías e zonas de drenaxe próximas ao río;
- os sectores que poidan verse afectados por acumulación de auga, escorrentía, crecidas fluviais, temporal marítimo ou coincidencia con mareas vivas e preamar.

Zona afectada	Descrición	Ano	Dano
Núcleo urbano de Ponteceso / avenida Eduardo Pondal / contorna do río Anllóns	Episodio histórico de inundación asociado ao desbordamento do río Anllóns. A prensa local recolle que as comportas instaladas no paseo fluvial de Ponteceso foron colocadas despois das inundacións de marzo de 1998.	1998	Afección ao núcleo urbano e zonas baixas próximas ao río. Danos en contorna urbana, baixos, vías ou inmobles próximos ao ámbito fluvial, segundo antecedentes xornalísticos
Ponteceso e comarca de Bergantiños / río Anllóns	Episodio relevante de inundacións ocorrido o 9 de marzo de 1999. A información xornalística sinala que Ponteceso e Carballo foron das localidades máis afectadas polas inundacións desa data.	1999	Afección significativa por inundacións no ámbito do río Anllóns e no núcleo urbano, con danos en zonas habitadas, vías e actividade económica.
Avenida Eduardo Pondal e zonas baixas de Ponteceso	Novo episodio de inundacións no núcleo urbano. A información publicada cualificouno como un dos peores episodios en 17 anos, con afección a veciños e comerciantes da avenida Eduardo Pondal.	2016	Asolagamento de zonas urbanas, afección a baixos, locais comerciais, vías e mobilidade no núcleo de Ponteceso.
Ponteceso / río Anllóns	Desbordamento do río Anllóns tras fortes precipitacións asociadas á borrasca Karim.	2021	Acumulación de auga en vivendas e inmobles, necesidade de intervención con bombas de achique e activación/seguimento do Plan INUNGAL ante posibles desbordamentos.

Da análise histórica e territorial despréndese que o risco de inundación no Concello de Ponteceso é un risco real e recorrente, vinculado principalmente ao comportamento hidráulico do río Anllóns, ás zonas baixas do núcleo urbano e á súa desembocadura. A existencia de episodios previos con afección a vivendas, baixos, locais, vías e inmobles xustifica a planificación municipal específica, a identificación dos elementos vulnerables e a necesidade de coordinación co Plan INUNGAL, co CIAE-112 Galicia e cos organismos competentes en materia hidráulica e de protección civil.

2.4. ÁREAS OU SECTORES AFECTADOS

O risco de inundación no Concello de Ponteceso concéntrase principalmente no ámbito do **río Anllóns**, especialmente no seu tramo final, na contorna do núcleo urbano de Ponteceso e na súa desembocadura na ría de Corme e Laxe. Este ámbito aparece vinculado á planificación autonómica de risco de inundacións a través da **ARPSI do río Anllóns en Ponteceso**, debendo terse en conta tamén a proposta de ampliación da dita ARPSI para incorporar o **rego do Cruceiro** e o **río Pouso**, segundo a información publicada por Augas de Galicia.

Ao tratarse dun concello costeiro, tamén deben considerarse as inundacións ou asolagamentos asociados a **temporais marítimos, ondada, mareas vivas, mar de fondo e dificultade de**

evacuación natural das augas na contorna da ría de Corme e Laxe, especialmente cando coinciden con episodios de chuva intensa ou persistente e incremento do caudal do río Anllóns.

Achéganse na seguinte táboa as áreas con risco de inundación e os puntos que, en caso de quedar afectados, poden dar lugar, por efecto dominó, a accidentes ou incidencias con afección importante á poboación, á mobilidade, aos servizos básicos ou á actividade económica.

Áreas de inundación:

Áreas / Sectores de inundación	Localización	Puntos singulares respecto ao efecto dominó
ARPSI do río Anllóns en Ponteceso	Tramo final do río Anllóns ao seu paso polo termo municipal de Ponteceso, especialmente na contorna do núcleo urbano e da desembocadura.	Posible afección a zonas baixas, vivendas, baixos, garaxes, locais, vías urbanas, pontes, servizos municipais e mobilidade xeral. O incremento do nivel do río pode dificultar a evacuación das augas pluviais e xerar acumulacións en puntos baixos.
Núcleo urbano de Ponteceso e zonas baixas próximas ao río Anllóns	Contorna urbana de Ponteceso, especialmente áreas próximas á canle fluvial e á avenida Eduardo Pondal.	Afección potencial a poboación residente, locais comerciais, baixos, garaxes, tráfico urbano, accesos a edificios e servizos esenciais. Pode producirse necesidade de achique, cortes de tráfico, aviso á poboación e protección de persoas vulnerables.
Esteiro e desembocadura do río Anllóns	Zona final do río Anllóns, na ría de Corme e Laxe, contorna de Cospindo, Balarés e marxes próximas.	Posible combinación de caudal fluvial elevado, mareas vivas, preamar, temporal marítimo e vento, dificultando a saída natural das augas. Pode afectar accesos, zonas de lecer, espazos naturais e áreas baixas próximas á ría.
Rego do Cruceiro	Contorna de Ponteceso, incluído na proposta de ampliación da ARPSI de Ponteceso.	Posible asolagamento de zonas próximas, pasos, pontellas, vías secundarias, terreos e puntos baixos. A súa afección pode contribuír á acumulación de auga no ámbito urbano ou periurbano.
Río / rego do Pouso	Contorna de Ponteceso, incluído na proposta de ampliación da ARPSI de Ponteceso.	Posible afección a vías, pasos de auga, terreos e zonas baixas. En episodios de chuva intensa pode incrementar a vulnerabilidade de sectores próximos ao núcleo urbano.
Regos municipais secundarios e rede de drenaxe natural	Regos de Corme, Guxín, Barda, Bouzas, Pelamio, Ponteceso, Ercebedo, Ramallás, Devesas, Pardiñas, Pazos, Riotorto, Castro, Xarea, Costoia, Agro, Chanca e outros.	Posibles enchentes rápidas, arrastres, obstrucións en pontellas, danos en camiños, asolagamentos puntuais e cortes de vías municipais.
Ría de Corme e Laxe e zonas baixas costeiras	Contorna costeira e estuarina vinculada á desembocadura do Anllóns.	Posible afección por mareas vivas, ondada, mar de fondo e temporal marítimo. O efecto combinado con chuvias intensas pode dificultar a evacuación das augas e agravar os asolagamentos.

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

Porto, paseo marítimo e fachada litoral de Corme	Núcleo de Corme-Porto, zona portuaria e paseo marítimo.	Posible afección por ondada, vento forte, mar de fondo, salpicaduras, acumulación de auga, danos en instalacións portuarias e restricións de acceso.
Praias e accesos costeiros	Balarés, Osmo, A Ermida, Niñóns, A Barda, O Roncudo e demais puntos costeiros expostos.	Risco para usuarios, visitantes e vehículos en situacións de temporal marítimo, mareas vivas ou chuvias intensas. Pode ser necesario cortar accesos, desaloxar zonas de risco ou impedir a aproximación ao litoral.
Puntos baixos da rede viaria municipal, autonómica e provincial	Estradas, camiños, pistas, pontes, pontellas e pasos sobre regos ou zonas de drenaxe insuficiente.	Posibles cortes de tráfico, illamento puntual de núcleos, dificultade de acceso dos medios de emerxencia e risco para vehículos ou peóns que intenten atravesar zonas inundadas.

Puntos de actuación prioritaria

Con carácter xeral, considéranse puntos de actuación prioritaria aqueles nos que a inundación poida afectar directamente á poboación, á mobilidade, aos servizos básicos ou á capacidade de resposta municipal. Terán prioridade:

- zonas baixas do núcleo urbano de Ponteceso próximas ao río Anllóns;
- marxes do río Anllóns e contorna da súa desembocadura;
- pontes e pasos sobre o río Anllóns e regos municipais;
- puntos baixos da rede viaria con risco de corte;
- zonas próximas ao rego do Cruceiro e ao río/rede do Pouso;
- accesos a vivendas, baixos, garaxes e locais con posible entrada de auga;
- zonas costeiras expostas a temporal marítimo, ondada ou mareas vivas;
- edificios ou servizos con presenza de persoas vulnerables ou de pública concorrencia.

Puntos conflictivos na rede de sumidoiros

Punto	Descrición
Sumidoiros, reixas e colectores de pluviais do núcleo urbano de Ponteceso próximos ao río Anllóns	Poden verse afectados por acumulación de follas, terras, residuos ou arrastres, reducindo a capacidade de evacuación da auga en episodios de chuva intensa.
Puntos baixos da rede urbana de drenaxe	Ámbitos nos que a pendente, a cota baixa ou a insuficiente capacidade hidráulica poidan favorecer acumulacións de auga en calzada, beirarrúas, accesos a baixos, garaxes ou locais.
Saídas de pluviais próximas ao río Anllóns ou á ría	En situacións de nivel alto do río, preamar, mareas vivas ou temporal marítimo, pode dificultarse a descarga natural das augas pluviais, favorecendo o retorno ou a acumulación de auga.
Cunetas, pasos de auga e drenaxes en vías municipais	A obstrución por vexetación, terra, pedras, residuos ou arrastres pode provocar que a auga circule pola calzada, invada camiños ou afecte a vivendas e terreos próximos.

Puntos conflictivos por crecida de ríos

Punto	Descrición
Río Anllóns ao seu paso polo núcleo urbano de Ponteceso	Principal punto de risco fluvial do municipio. As crecidas poden afectar zonas baixas, marxes fluviais, vías próximas, baixos, garaxes, locais e zonas de tránsito.
Ponte da AC-429 sobre o río Anllóns e accesos inmediatos	Punto sensible pola súa función viaria e pola proximidade á zona de desembocadura. Debe ser obxecto de vixilancia en situacións de crecida, arrastres, maré alta ou temporal.
Esteiro e desembocadura do río Anllóns	Punto crítico pola interacción entre caudal fluvial, mareas, vento e temporal marítimo. Pode dificultarse a evacuación natural das augas.
Rego do Cruceiro	Curso incluído na proposta de ampliación da ARPSI de Ponteceso. Debe ser obxecto de seguimento en episodios de chuvia intensa ou persistente.
Río / rego do Pouso	Curso incluído na proposta de ampliación da ARPSI de Ponteceso. Pode afectar vías, pasos, pontellas e zonas baixas próximas.
Pontellas e pasos sobre regos municipais	Poden producirse obstrucións por arrastres, elevación rápida do nivel da auga, danos en camiños ou cortes puntuais da circulación.

Zonas onde se poden desencadear fenómenos xeolóxicos asociados: desprendementos, caída de rochas, etc.

Zona	Características
Noiros, taludes e marxes de estradas ou camiños municipais	En episodios de chuvia intensa ou persistente pode producirse saturación do terreo, pequenos desprendementos, caída de pedras, arrastres de terra ou afección á plataforma viaria.
Taludes próximos a regos, cunetas e zonas de forte escorrentía	A concentración de auga pode erosionar marxes, provocar arrastres, pequenos colapsos de terras ou danos en pasos de auga.
Contorna de vías próximas ao río Anllóns e regos municipais	A erosión das marxes ou a acumulación de auga pode afectar á estabilidade de terreos, muros, beirarrúas, camiños ou accesos.
Zonas costeiras con cantís, accesos a praias ou áreas expostas ao mar	En situacións de temporal marítimo, chuvia persistente ou mar de fondo, poden producirse desprendementos, caída de pedras, erosión de accesos ou danos en camiños próximos ao litoral.
Monte Branco, Balarés e contorna da desembocadura do Anllóns	Zona de interese pola súa configuración xeomorfolóxica e proximidade ao esteiro. En episodios adversos poden producirse erosión, arrastres ou inestabilidade puntual en accesos, sendas ou taludes.

En consecuencia, as áreas de maior interese para o presente PAM son o núcleo urbano de Ponteceso e as zonas baixas próximas ao río Anllóns, a contorna da súa desembocadura, os cursos fluviais vinculados á ARPSI de Ponteceso e as zonas costeiras expostas a temporais marítimos. A identificación destes sectores permitirá priorizar a vixilancia, os avisos á poboación, o control de accesos, a protección dos elementos vulnerables e a mobilización dos medios municipais.

2.5. ELEMENTOS VULNERABLES

Na seguinte lista enuméranse os principais elementos vulnerables posiblemente afectados segundo a análise de riscos realizada no presente Plan. A relación completa e concreta destes elementos recóllese no **Anexo 4**, coa súa correspondencia coa cartografía específica do **Anexo 5**.

Elemento	Localización	Características
Núcleo urbano de Ponteceso e zonas baixas próximas ao río Anllóns	Contorna urbana de Ponteceso, especialmente as zonas próximas á canle do río Anllóns e á súa desembocadura	Principal ámbito vulnerable fronte ao risco de inundación, pola posible afección a poboación residente, vivendas, baixos, garaxes, locais, vías urbanas e usuarios da vía pública.

Elementos vulnerables por afectación por mal funcionamento ou rotura dunha presa, balsa ou infraestrutura similar

Elemento	Localización	Poboación afectada
Non constan presas, encoros ou balsas de entidade significativa con afección directa ao municipio	Termo municipal de Ponteceso	Non se identifica poboación afectada específica por este suposto no presente Plan.

Elementos vulnerables por inundacións de orixe mariña

Elemento	Localización	Poboación afectada
Zonas baixas próximas á ría de Corme e Laxe e á desembocadura do río Anllóns	Contorna do esteiro do Anllóns, ría de Corme e Laxe e zonas costeiras baixas do termo municipal	Poboación residente ou usuaria da contorna, visitantes, usuarios de espazos costeiros, accesos, praias ou zonas de lecer, especialmente en episodios de temporal marítimo, mareas vivas ou coincidencia con chuvias intensas.

Eventos / espectáculos na área de risco

Nome do evento	Localización	Data	Descrición
Non se identifican eventos fixos permanentes na área principal de risco	Núcleo urbano de Ponteceso e zonas baixas próximas ao río Anllóns	Segundo programación municipal	Calquera evento puntual que se desenvolva nesta área deberá ser valorado preventivamente en caso de aviso meteorolóxico ou hidrolóxico adverso.

A relación anterior terá carácter revisable e deberá actualizarse cando se programen actividades, eventos ou concentracións de persoas en zonas afectables polo risco de inundación, especialmente na contorna do río Anllóns, zonas baixas próximas á súa desembocadura ou ámbitos costeiros susceptibles de afección por temporal marítimo.

3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

3.1 DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular	Alcalde	630687398	1
Substituto/a	Tenente de alcalde	630687398	1

Funcións

- Declarar a activación e desactivación do PAM. Informar ao director do Plan INUNGAL a través do CIAE-112.
- Convocar aos membros do Comité Asesor.
- Constituír e exercer a dirección do CECOPAL.
- Informar e coordinarse co director do Plan INUNGAL.
- Analizar e valorar a situación.
- Avaliar e determinar os elementos vulnerables, poñéndoo en coñecemento do director do Plan INUNGAL.
- Decidir en todo momento, xunto co Comité Asesor, as actuacións máis convenientes para facer fronte á emerxencia dentro do seu ámbito de responsabilidade e aplicar as medidas de protección á poboación, aos bens e ao medio ambiente.
- Ordenar a incorporación dos medios e recursos municipais dispoñibles aos grupos operativos do Plan INUNGAL, para garantir a protección e a seguridade da poboación.
- Asegurar o mantemento e a operatividade do Plan de Actuación Municipal.
- Todas aquelas accións necesarias en función do risco.

3.2 COMITÉ ASESOR

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Director técnico de emerxencia	Coordinador GES	613472157	2
Xefe do grupo local de apoio loxístico e de seguridade	Presidente AVPC	646670678	3
Xefe do grupo local de apoio técnico	Coordinador de Obras e Servizos	635760018	4/7

Funcións

- Analizar e valorar a situación, asesorando ao director do Plan.

3.3 DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA**Composición**

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular	Coordinador GES	613472157	2
substituto/a	Presidente AVPC	646670678	3

Funcións

- Asesorar ao director do PAM, o alcalde, directamente e como membro do Comité Asesor.
- Coordinar as actuacións dos Grupos Operativos locais coas dos grupos do posto de mando avanzado.

3.4 GABINETE DE INFORMACIÓN

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular	Alcalde	630687398	1
Substituto/a	Tenente de alcalde	630687398	1

O Gabinete de Información situarase no salón de plenos do Concello de Ponteceso.

Funcións

Proporcionar soporte ao director do PAM, de forma coordinada coas actuacións do Gabinete de información do Plan INUNGAL nas tarefas seguintes:

- O Gabinete de Información do PAM deberá de estar en contacto permanente co Gabinete de Información do Plan INUNGAL. O titular do Gabinete Municipal de Información asegurará esta coordinación.
- Centralizar, coordinar e preparar a información sobre a emerxencia (elaboración de comunicados, ordes e recomendacións), en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, facilitándolla á poboación en nome do director do Plan ao través dos medios de comunicación de titularidade propia ou mediante os medios de comunicación social.
- Asistir a toda a prensa proporcionando a información necesaria de carácter municipal, en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, e corrixindo as informacións erróneas.
- Transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información do Plan INUNGAL.

As emisoras de radio que se empregarán como medio de difusión durante a situación de alerta ou emerxencia serán:

Emisora	Frecuencia	Responsable/datos de localización
Radio Galega	99.8 FM	Fran Rodríguez
Radio Nordés Cadena SER	92.2 FM	José Manuel Mira

3.5 GRUPOS OPERATIVOS

3.5.1. GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN

Composición

Nome/Cargo operativo	Localización	Teléfono de emerxencia	Nº de ficha de actuación
GES	Parque empresarial de Tella	630252003	4
POLICÍA LOCAL	Rúa do Concello 18	630907127	4
SPEIS BOMBEIROS	Poligono industrial Bertoa, Carballo	112	4

Funcións

- Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo de Intervención do Plan INUNGAL (no caso de terse activado o devandito Plan):
 - Controlar, reducir ou neutralizar os efectos.
 - Participar nas tarefas de rescate e salvamento de persoas e bens.
- Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.5.2. GRUPO LOCAL SANITARIO

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Localización	Teléfono de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular	Asistente social	Casa do Concello	981714000	5
Substituto/a	Educadora familiar	Casa do Concello	981714000	5

Funcións

- Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo Sanitario do Plan INUNGAL (no caso de terse activado o devandito Plan):
 - Informarse da situación sanitaria na área da emerxencia.
 - Establecer e controlar a área sanitaria nunha zona adecuada e segura, próxima ao lugar da emerxencia, de acordo co responsable do Posto de Mando Avanzado (PMA).
 - Coñecer o estado e a situación dos afectados.

- Prestar asistencia sanitaria in situ.
- Clasificar, estabilizar e evacuar aos feridos.
- Organizar a infraestrutura de recepción hospitalaria.
- Coordinar o traslado dos feridos aos centros hospitalarios receptores.
- Identificar as vítimas en primeira instancia en colaboración cos servizos correspondentes.
- Cubrir as necesidades farmacéuticas.
- Vixiar e controlar a potabilidade das augas e a hixiene dos alimentos.
- Prestar atención psicolóxica aos afectados e aos familiares.
- Realizar tarefas de saúde pública.
- Coordinar as actuacións cos outros grupos ao través do PMA.
- Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.5.3. GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Localización	Nº de ficha de actuación
Responsable de equipo operativo de apoio loxístico	Tenente de alcalde	Casa do Concello	6
Responsable de equipo operativo de seguridade	Coordinador do GES	Casa do Concello	6

3.5.3.1 EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO

Funcións

- Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo de Apoio loxístico do Plan INUNGAL:
 - Asesorar a provisión dos recursos complementarios que o director do Plan INUNGAL e os Grupos Operativos necesiten para cumprir as súas misións e a mobilización destes medios. Xestionar os recursos e medios municipais (públicos e privados) para poñelos a disposición dos grupos.
 - Función loxística municipal e xestión dos servizos básicos municipais (servizos municipais de auga, de recollida de escombros...). Organizar e dirixir as accións e traballos a realizar para restablecer os servizos básicos municipais.
 - Proporcionar soporte á constitución do PMA.
 - Subministrar material lixeiro e pesado de traballo e transporte.

- Proporcionar soporte para o abastecemento do persoal dos grupos e combustible para os vehículos e as máquinas.
- Preparar, no caso que sexa necesario, os lugares de acollida no caso de evacuación ou afastamento.
- Garantir as comunicacións entre os distintos Grupos Operativos, CECOPAL, PMA, etc.
- Establecer sistemas complementarios alternativos de comunicacións cando sexa necesario.
- Proporcionar soporte técnico.
- Vixiar e controlar a potabilidade das augas e a hixiene dos alimentos.
- Coordinar as súas actuacións cos outros grupos a través do PMA.
- Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.5.3.2. EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE

Funcións

- Colaborar nas tarefas, de acordo co xefe do Grupo de Seguridade do Plan INUNGAL:
 - Recibir e notificar en primeira instancia e de forma inmediata a existencia da emerxencia ao CIAE-112.
 - Avisar e informar a poboación afectada e, en particular, aos elementos especialmente vulnerables.
 - Comunicar á poboación as medidas a adoptar, e asegurar a súa aplicación.
 - Executar as medidas de protección sobre os elementos vulnerables: coordinar e executar a evacuación ou o afastamento da poboación, de acordo coas indicacións do director do Plan INUNGAL e asegurar a súa aplicación. Coordinar as tarefas.
 - Efectuar a relación de persoas afectadas (evacuadas).
 - Garantir a seguridade cidadá na zona de risco.
 - Garantir que os Grupos Operativos poden actuar sen ningún impedimento.
 - Garantir o control de accesos e a vixilancia viaria das zonas afectadas. Garantir o control de tránsito de acceso dos compoñentes dos grupos á zona da emerxencia; especialmente, sinalizar e guiar aos actantes cara o Posto de Mando Avanzado e cara a área sanitaria.
 - Coordinar as súas actuacións coas dos outros grupos a través do PMA.

3.5.4. GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO E REHABILITACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Localización
Xefe de grupo	Coordinador de Obras e Servizos	Casa do Concello

3.6 CENTROS DE COORDINACIÓN

3.6.1. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA MUNICIPAL (CECOPAL)

Dirección	Rúa do Concello 18
Teléfono/Fax	981 714 000/981 715 028
Recursos	Os dispoñibles no Concello (Teléfono, Fax, Internet)
Outras comunicacións	concello@ponteceso.gal Oficina de Corme, Praza de Avintes CP 15114 T 981 738 428, F 981 738 428

Funcións

- É o Centro de Coordinación Municipal, que realiza as accións determinadas polo director do Plan. Desde o mesmo diríxense e coordínanse as actuacións dos diversos servizos relacionados co Plan.
- Manter contacto directo e continuo co CIAE-112.
- Notificar aos Grupos Operativos e ao CIAE-112 a activación e a desactivación do PAM, e recibir deste centro, seguindo os protocolos, a información relativa á activación, evolución e desactivación do Plan INUNGAL.
- Facilitar, se é necesario, a información á poboación do municipio, cos medios oportunos, segundo as circunstancias de risco e a evolución da situación de emerxencia. Esta información deberá consensuarse coa dirección do Plan INUNGAL.
- Mobilizar e asegurar a transmisión da información e as ordes aos Grupos Operativos locais decididas pola dirección do Plan, así como activar os medios e recursos municipais necesarios.
- Canalizar a orde da autoridade de protección civil municipal de prestación de persoal, a intervención ou a ocupación temporal e transitoria dos bens necesarios para afrontar as situacións de emerxencia.
- Proporcionar soporte aos medios de emerxencia, de seguridade e aos servizos especializados alleos que interveñan no municipio.

3.6.2. POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)

A súa situación, a determina o Director técnico da Emerxencia (pódese constituír máis dun PMA de acordo coas características da emerxencia).

Funcións

- Exercer a coordinación in situ dos traballos dos diferentes Grupos Operativos
- Estar en coordinación co CECOPAL, transmitíndolle información de primeira man.
- Solicitar os medios e recursos precisos para enfrontar a situación.
- Avaliar os danos producidos polo sinistro, baseándose na información recibida dos Grupos Operativos e na previsión de riscos do municipio.

3.6.3. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA (CECOP)

Con carácter xeral, constituirase nas dependencias do CIAE-112, unha vez que se activa o Plan INUNGAL; se as circunstancias o aconsellan, poderá constituírse de forma íntegra ou parcialmente nas proximidades da zona de emerxencia.

Dirección	Av da Cultura s/n 36680 A Estrada - Pontevedra
Teléfono	112 (gratuíto) 886 15 27 00
Fax	886 15 25 90 886 15 25 91

Funcións

O Centro de Coordinación Operativa (CECOP) constitúese como o centro de mando das emerxencias, que conta cos medios humanos e técnicos que permiten realizar as funcións de dirección e coordinación de recursos, ademais de asegurar as comunicacións co Posto de Mando Avanzado (PMA) e en xeral cos medios externos que puideran verse implicados na emerxencia.

4. OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN

4.1 NIVEIS

PRE-ALERTA

A pre-alerta do PAM por inundacións producirase nos casos seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa dun pre-aviso do Plan INUNGAL como consecuencia dunha alerta derivada de aviso meteorolóxico ou dun seguimento pluviohidrolóxico.
- Cando o CIAE-112 informa dun pre-aviso do Plan INUNGAL derivado do control de presas, cando o caudal que se desauga da presa está próximo ao caudal que pode producir inundacións augas abaixo desta.

O pre-alerta non implica a activación do Plan.

ALERTA

O Plan activarase en fase de alerta cando se produza algunha das situacións seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa da activación do Plan INUNGAL en fase de alerta por alerta hidrolóxica ou meteorolóxica que afecta ou pode afectar ao concello.
- Diante de inundacións en zonas de cultivo que non afecten ni poden afectar a persoas, bens e/ou vías de comunicación.
- Cando hai parámetros obxectivos que fan prever inundacións importantes ou inminentes a curto prazo.
- Ao final dunha situación de emerxencia, mentres se realizan as tarefas que permiten o regreso á normalidade.

EMERXENCIA

O Plan activarase en fase de emerxencia cando se produza algunha das situacións seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa da activación do Plan INUNGAL en fase de emerxencia por inundacións que afectan ao concello.
- Cando se produzan inundacións que poidan comportar, pola súa evolución, un grave risco para o concello.

4.2 CRITERIOS DE ACTIVACIÓN

O nivel de activación do plan é función do tipo de suceso, móstranse na seguinte táboa os diferentes niveis:

Suceso	Nivel de activación
Tarefas de control de presas, se estas implican manobras ordinarias con caudais superiores aos habituais	Pre-alerta (Non activación)
Tarefas de control de presas, cando a auga que se desauga da presa está próximo ao caudal que pode producir inundacións augas abaixo desta	Pre-alerta (Non activación)
Predición de choivas intensas	Pre-alerta / Alerta
Inundacións de zonas sen presenza de poboación	Alerta
Predición de inundacións inminentes por información meteorolóxica e/ou hidrolóxica	Alerta
Afectación por mal funcionamento da presa (escenario 1 o superior)	Alerta / Emerxencia
Inundacións con posibilidade de afectación leve a habitantes illados, instalacións comerciais, industriais, agrícolas, gandeiras, servizos básicos, etc.	Alerta / Emerxencia
Inundacións con posibilidade de afectación importante a núcleos de poboación, grandes instalacións comerciais,	Emerxencia

industriais ou agrícolas, servizos básicos, vías de comunicación, infraestruturas, ganderías, etc.	
--	--

4.3 PROCEDEMENTOS XERAIS

4.3.1 ACTUACIÓNS XERAIS

En época de risco, débense levar a cabo as seguintes accións:

- Realizar o seguimento periódico da información meteorolóxica e hidrolóxica oficial emitida por MeteoGalicia, AEMET, Augas de Galicia, CIAE-112 Galicia e demais organismos competentes, especialmente ante previsións de precipitacións intensas ou persistentes, temporais costeiros, mareas vivas ou incremento do caudal do río Anllóns e dos regos municipais.
- Manter actualizada a relación de puntos sensibles do termo municipal, incluíndo zonas baixas, marxes do río Anllóns, regos, pontes, pontellas, pasos de auga, cunetas, colectores de pluviais, zonas costeiras expostas, accesos a praias, portos, vías municipais e outros lugares con antecedentes de asolagamento.
- Revisar, dentro das posibilidades municipais, o estado de limpeza e funcionalidade das infraestruturas de drenaxe, especialmente sumidoiros, cunetas, pasos de auga, reixas, pontellas e zonas de evacuación natural das augas, comunicando ou corrixindo aquelas deficiencias que poidan incrementar o risco de inundación.
- Comprobar a dispoñibilidade operativa dos medios municipais e dos servizos integrantes do PAM, especialmente Policía Local, GES, Protección Civil, servizos de obras, servizos sociais e demais persoal ou medios que poidan resultar necesarios en caso de aviso, emerxencia, evacuación, sinalización, corte de vías ou apoio á poboación.
- Verificar os sistemas de comunicación e coordinación entre o CECOPAL, o CIAE-112 Galicia, os grupos operativos locais, os servizos municipais e, de ser o caso, os organismos supramunicipais competentes, garantindo que os teléfonos, canles de aviso e procedementos de contacto estean actualizados.
- Preparar, revisar ou ter dispoñible a sinalización, valados, material de balizamento, equipos de achique, vehículos, maquinaria, iluminación portátil, equipos de protección individual e demais medios básicos necesarios para actuacións preventivas ou de primeira resposta ante asolagamentos.
- Informar preventivamente á poboación, cando resulte necesario, sobre medidas de autoprotección fronte a inundacións, evitando o acceso a zonas inundables, ribeiras, praias, paseos marítimos, pontes, pasos baixos, zonas de forte corrente ou vías afectadas por acumulación de auga.
- Prever, cando as circunstancias o aconsellen, a posible habilitación de espazos municipais de acollida temporal para persoas afectadas ou evacuadas, así como a coordinación cos servizos sociais municipais para a atención de persoas vulnerables.

Ante un aviso preventivo (pre-alerta), levaranse a cabo as actuacións seguintes:

- Seguimento da situación. Este seguimento é de tipo interno e, polo tanto, non sempre implica información á poboación.

- Transmitir a información sobre calquera anomalía detectada que poida ser significativa. Concretamente, informarase aos centros de coordinación e aos grupos operativos locais, se é o caso, de acordo cos procedementos establecidos.
- Posible convocatoria do Comité Asesor municipal, se se considera necesario.
- Comunicar ao CIAE-112 Galicia que o PAM por inundacións se atopa en situación de pre-alerta.

4.3.2 PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN. INTERFACE CON PLANS SUPERIORES

Detección e notificación dunha situación de emerxencias

Os avisos de emerxencia que recibe o concello deberán comunicarse inmediatamente a:

CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS CIAE -112 GALICIA

4.3.3 PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN

O CIAE-112 deberá informar aos concellos afectados ou potencialmente afectados pola inundación. O centro de recepción de chamadas do concello encargárase de comunicarllo ao alcalde.

En función dos niveis e criterios establecidos no punto 3, o PAM, será activado polo alcalde mediante o procedemento establecido, directamente ou a proposta do director do Plan INUNGAL a través do CIAE-112.

A interface entre o PAM e o Plan INUNGAL queda definida a partir de:

- A chamada ao CIAE-112 que informa ou confirma a activación do PAM.
- A coordinación do director do PAM e do director do INUNGAL.
- A configuración dos Grupos Operativos locais establecidos, e a súa integración en caso de activación do plan autonómico, nos grupos operativos previstos no INUNGAL.

Ao producirse a **Activación do PAM**, deberá procederse a:

- Aviso de activación aos xefes dos Grupos Operativos locais. Normalmente farase ao través dunha chamada.
- Constitución dos Grupos Operativos locais.
- Constitución do **CECOPAL**.
- Información á poboación sobre a activación do PAM e das medidas de protección a seguir de acordo coas indicacións do director do Plan INUNGAL.
- No caso de se constituír o **PMA**, establecemento dun contacto permanente.
- Mobilización de medios e recursos asignados ao Plan.
- Activación dos Plans de autoprotección da zona afectada, no seu caso.

4.3.3.1. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

Unha vez activado o Plan e constituído o Consello Asesor, o CECOPAL e os Grupos Operativos locais, o director do PAM deberá de manter contacto permanente co director do Plan INUNGAL, co PMA e cos responsables dos Plans de Autoprotección correspondentes.

4.3.3.2. ACTUACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS

Ver as fichas dos procedementos de actuación dos distintos Grupos Operativos no punto 6.2.

4.3.4 SISTEMA DE AVISO A POBOACIÓN

Notificación da alerta á poboación, para poñer en práctica tanto as medidas de autoprotección como o confinamento ou a evacuación.

Responsabilidade: con carácter inmediato, o Alcalde do concello. Unha vez o Plan INUNGAL está activado, esta responsabilidade recae en última instancia no Director deste Plan.

Dirección e coordinación das tarefas de aviso: o Alcalde do concello, a maiores do dispositivo municipal correspondente, terá o apoio para executar estas tarefas do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade e do Plan INUNGAL.

Destinatarios dos avisos e medios a empregar (elementos vulnerables incluídos no punto 6.5 dos anexos específicos deste manual):

Elemento Vulnerable	Nome da area	Medio de Aviso
Poboación residente en zonas baixas próximas ao río Anllóns	Núcleo de Ponteceso, contorna fluvial, marxes do río Anllóns e zonas próximas á desembocadura	Aviso directo mediante Policía Local, GES e/ou Protección Civil; megafonía móbil; chamada telefónica cando se dispoña de contacto; publicación de avisos na web municipal, redes sociais oficiais e outros medios municipais.
Vivendas, baixos, garaxes, locais comerciais e instalacións próximas a zonas con antecedentes de asolagamento	Zonas urbanas ou rurais con risco de acumulación de auga, puntos baixos, pasos inferiores, vías próximas a regos ou redes de pluviais insuficientes	Aviso directo presencial cando sexa posible; megafonía móbil; chamada telefónica; comunicación a través de medios municipais e redes sociais oficiais.
Persoas maiores, dependentes, con mobilidade reducida ou especialmente vulnerables	Domicilios identificados polos Servizos Sociais municipais ou incluídos no anexo de elementos vulnerables	Aviso prioritario mediante Servizos Sociais, Policía Local, GES ou Protección Civil; chamada telefónica directa; visita presencial se fose necesario; coordinación con familiares ou persoas de referencia.
Centros educativos, escolas infantís,	CEIP Eduardo Pondal, escolas ou centros educativos	Comunicación telefónica directa aos responsables; correo electrónico; aviso por canles municipais internas; instrucións

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

instalacións deportivas e edificios municipais	existentes, pavillóns, instalacións deportivas, Casa do Concello, centros culturais e demais edificios municipais	específicas de confinamento, evacuación ou suspensión de actividade segundo proceda.
Centro de saúde, farmacias e servizos sanitarios ou asistenciais	Centro de saúde de Ponteceso, consultorios, farmacias e outros servizos de interese sanitario	Comunicación telefónica directa; coordinación a través do CIAE-112 Galicia se procede; comunicación municipal ao responsable do servizo.
Porto, lonxa, confraría, actividade pesqueira e zona litoral de Corme	Porto de Corme, paseo marítimo, fachada litoral, zonas portuarias e accesos próximos ao mar	Aviso directo aos responsables; comunicación telefónica; megafonía móbil; coordinación con Portos de Galicia, confraría ou responsables da instalación; publicación de avisos municipais.
Praias, paseos, accesos costeiros e zonas expostas a temporal marítimo	Balarés, Osmo, A Ermida, Niñóns, A Barda, O Roncudo e demais zonas costeiras expostas	Sinalización e corte de accesos se procede; aviso mediante Policía Local, GES e/ou Protección Civil; megafonía móbil; publicación de recomendacións na web municipal e redes sociais oficiais.
Empresas, naves e actividade económica situada en zonas de risco ou próximas a cursos de auga	Parque empresarial de Tella, actividades próximas a regos, vías de drenaxe ou zonas baixas	Comunicación telefónica ou correo electrónico aos responsables; aviso directo se procede; coordinación cos servizos municipais, Policía Local, GES e Protección Civil.
Usuarios da rede viaria afectada ou susceptible de corte	Estradas autonómicas, provinciais e municipais, pontes sobre o río Anllóns, pasos sobre regos, pistas e camiños con risco de asolagamento	Sinalización, balizamento e corte preventivo da vía; aviso mediante Policía Local, GES ou Protección Civil; comunicación ao CIAE-112 Galicia; publicación de incidencias por medios municipais.
Poboación xeral do Concello de Ponteceso	Todo o termo municipal	Web municipal, redes sociais oficiais, bandos, megafonía móbil, medios de comunicación locais/comarcais, avisos do CIAE-112 Galicia e calquera outro medio dispoñible segundo a urxencia da situación.

Os avisos á poboación deberán realizarse con mensaxes claras, breves e comprensibles, indicando a natureza do risco, a zona afectada, as medidas de autoprotección que deben adoptarse, as vías ou zonas que deben evitarse e, de ser o caso, as instrucións concretas de confinamento, afastamento ou evacuación. A información será actualizada conforme evolucione a emerxencia e sempre de forma coordinada co CIAE-112 Galicia e co Plan INUNGAL cando este se atope activado.

Rutas de aviso:

Os comunicados tipo de aviso para evacuación ou confinamento achéganse no Anexo 1 deste manual.

4.3.5 MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA POBOACIÓN

4.3.5.1. CONFINAMENTO

As zonas de confinamento definiranse de acordo coa localización e as características da emerxencia.

4.3.5.2. EVACUACIÓN E ACOLLIDA

Responsabilidade da decisión de efectuar a evacuación da poboación:

con carácter inmediato, o Alcalde do concello. Cando o Plan INUNGAL está activado, esta responsabilidade recae en última instancia no Director deste Plan.

Dirección e coordinación das tarefas de evacuación:

o alcalde do concello e o xefe do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade e o do Plan INUNGAL para executalas.

Dirección e coordinación das tarefas de acollida:

o alcalde do concello (a maiores do dispositivo municipal previsto), contando co Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade.

Lugares de posible evacuación:

as zonas a evacuar se definiran de acordo coa localización e as características da emerxencia.

Centros de acollida de evacuados.

A previsión mínima e a seguinte:

Hoteis ou centros de acollida		Capacidade	Observacións
Hotel TEYMA		20 habitacións	
Hotel Balarés		6 habitacións	

4.3.5.3. CONTROL DE ACCESOS

En función da localización da emerxencia establecerase controis de acceso nos puntos seguintes:

Suposto	Punto	Rutas alternativas
Crecida ou desbordamento do río Anllóns na contorna urbana de Ponteceso	Accesos ás zonas baixas próximas ao río Anllóns, marxes fluviais, paseos, zonas de estacionamento, pontes e vías próximas á canle.	Desvío por vías municipais interiores e estradas alternativas non afectadas, segundo determine Policía Local, GES ou Garda Civil. Evitarase sempre o tránsito por zonas baixas ou próximas ao río.
Afección á ponte ou contorna da AC-429 sobre o río Anllóns	Ponte da AC-429 e accesos inmediatos cara a Laxe / saída de Ponteceso.	Emprego de itinerarios alternativos pola rede autonómica e provincial dispoñible, segundo a situación da emerxencia e as indicacións da Garda Civil de Tráfico e do titular da vía.

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

Asolagamento de estradas ou camiños municipais por acumulación de auga	Puntos baixos de estradas municipais, pistas, camiños rurais, pasos sobre regos, pontellas, cunetas e zonas con drenaxe insuficiente.	Desvío por camiños ou estradas municipais non afectadas. O persoal actuante sinalizará e balizará os cortes, impedindo o paso por zonas con auga acumulada ou corrente.
Desbordamento ou crecida de regos municipais	Rego do Cruceiro, río/rede do Pouso, regos de Ponteceso, Bouzas, Guxín, Barda, Pelamio, Ramallás, Devesas, Pardiñas, Pazos, Riotorto, Castro, Xarea, Costoia, Agro, Chanca e outros puntos sensibles.	Itinerarios alternativos pola rede viaria municipal ou provincial máis próxima, evitando pontellas, pasos estreitos, zonas baixas e puntos onde a forza da auga poida comprometer a seguridade.
Temporal marítimo, ondada ou mareas vivas na zona costeira	Porto de Corme, paseo marítimo de Corme, accesos a praias, zonas portuarias, fachada litoral, Balarés, Osmo, A Ermida, Niñóns, A Barda, O Roncudo e outros puntos expostos.	Restrición ou corte dos accesos ao bordo litoral. Desvío cara a vías interiores e zonas seguras afastadas da costa, segundo indiquen os servizos actuantes.
Risco en accesos a praias ou zonas de lecer costeiras	Aparcadoiros, accesos peonís e viarios a Balarés, Osmo, A Ermida, Niñóns, A Barda e demais zonas de baño ou lecer afectadas.	Peche preventivo de accesos e derivación cara a zonas altas ou vías interiores. Non se permitirá a permanencia en praias, paseos, espigóns ou zonas expostas á ondada.
Evacuación ou protección de poboación vulnerable	Accesos a vivendas, centros educativos, instalacións municipais, centro de saúde, edificios públicos ou zonas residenciais afectadas.	Rutas seguras cara a puntos de encontro, zonas altas ou centros de acollida temporal, evitando sempre pontes, pasos inundados, marxes fluviais e zonas próximas a regos ou á costa.
Corte preventivo por perigo para a circulación	Calquera vía municipal, autonómica ou provincial afectada por auga, arrastres, desprendementos, caída de árbores, danos estruturais ou falta de visibilidade.	Desvíos sinalizados polos servizos actuantes, priorizando vías de maior capacidade e seguridade. Comunicarase a incidencia ao CIAE-112 Galicia e, se procede, ao titular da vía

Os controis de acceso serán establecidos polos servizos municipais competentes, Policía Local, GES e Protección Civil, en coordinación co CIAE-112 Galicia, Garda Civil de Tráfico e titulares das vías afectadas cando proceda. A finalidade destes controis será impedir o acceso da poboación ás zonas de risco, facilitar a intervención dos grupos operativos, garantir a seguridade viaria e permitir a evacuación ou confinamento da poboación afectada.

En ningún caso se permitirá o paso de vehículos ou persoas por vías inundadas, pasos con corrente, pontes afectadas, zonas costeiras expostas á ondada ou lugares nos que non poida garantirse a seguridade. As rutas alternativas determinaranse en función da evolución da emerxencia, do estado real das vías e das instrucións dos servizos actuantes.

4.4 FICHAS DE ACTUACIÓN

FICHA 1	DIRECTOR DO PAM
FICHA 2	DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA
FICHA 3	XEFE DO GABINETE DE INFORMACIÓN
FICHA 4	XEFE DEL GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN
FICHA 5	XEFE DO GRUPO LOCAL SANITARIO
FICHA 6	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE
FICHA 7	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO FRONTE O RISCO DE INUNDACIÓNS

FICHA DE ACTUACIÓN 1	DIRECTOR DO PAM
ACCIONS A REALIZAR	
